




Cofinanciado por  
la Unión Europea



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

**RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE PUBLICAN AS LISTAXES DEFINITIVAS DE SOLICITUDES ADMITIDAS A TRÁMITE E EXCLUÍDAS NO CADRO DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA ERASMUS+ KA171 PARA PDI 2025 (II convocatoria)**

Mediante a resolución reitoral do 31 de marzo de 2025 publicouse a II Convocatoria de axudas para a participación do persoal docente e investigador no programa Erasmus+ no curso 2024- 2025, no marco da acción KA171 e no cadro do proxecto 2022-1-ES01-KA171-HED-0000688751<sup>1</sup>. Despois de publicar o 23 de abril de 2025 as listaxes provisionais de solicitudes admitidas a trámite e unha vez vencido o prazo para a realización de alegacións segundo o establecido na convocatoria, esta reitoría

RESOLVE:

- Publicar a listaxe definitiva de solicitudes admitidas no **Anexo I**.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producirá a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O Reitor

Por delegación R.R. 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

A vicerreitora de Internacionalización

M<sup>a</sup> Isabel del Pozo Triviño

<sup>1</sup> Este proxecto están cofinanciado polo programa Erasmus+ da Unión Europea. O contido desta convocatoria é responsabilidade exclusiva da Universidade de Vigo e nin a Comisión Europea, nin o Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE) son responsables do uso que poida facerse da información aquí difundida.